

20.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE MAIO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 19/2016 DE 3 DE MAIO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 19/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 3 de maio de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a construción dun almacén de apeiros agrícolas na finca sita en Bergazos – Donsión – Lalín e **aprobar a liquidación** practicada pola Intervención municipal de data 11/12/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 703,03 euros.

3.- LICENZA DE INSTALACIÓN DE TERRAZA NA VÍA PÚBLICA.

Acordouse desestimar as alegacións formuladas por parte persoada no procedemento, contra a solicitude de licenza de instalación de terraza na vía pública e **CONCEDER LICENZA DE INSTALACIÓN DE TERRAZA NA VÍA PÚBLICA** anexa a establecemento de hostalería, na praza da Torre – Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para acometida liña media tensión na rúa Areal, 26, Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 17/03/16 por importe de 12 euros en concepto de ICIO.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

Quedou pendente para un mellor estudo.

6.- INFORMES PREVIOS.

6.1.- Acordouse **aprobar o informe preceptivo previo do enxeñeiro técnico municipal, de data 21 de abril de 2016**, por modificación de características da concesión outorgada para novo manancial e un depósito de almacenamento en Anzo – Lalín, examinada a petición formulada por AUGAS DE GALICIA, a instancias de Comunidade de usuarios da Zarra de Busto.

6.2.- Acordouse **aprobar o informe preceptivo previo do enxeñeiro técnico municipal, de data 21 de abril de 2016**, para concesión dun caudal de auga, procedente dun pozo, no lugar de Carballeda – Lalín, examinada a petición formulada por AUGAS DE GALICIA.

7.- INFORMES URBANÍSTICOS.

7.1.- Acordouse aprobar os seguintes informes: Informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos de data 20 de abril de 2016 e Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 25 de Abril de 2016; do mesmo xeito, acordouse aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/10/2006 por

importe de 60,10 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

8.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

Quedou pendente para un mellor estudo.

9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

9.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”** á empresa **ORONA S.COOP.** por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen a licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 22 de marzo e 15 de abril de 2016.

9.2.- Acordouse adxudicar o **POSTO NÚM. 13** da Praza de Abastos de Lalín ao solicitante para adicalo á actividade de hostalería por unhas melloras a realizar no posto por importe de 33.830,00 € (IVE incluído) por ser a única oferta presentada para o citado posto e cumprir cos requisitos esixidos nas **“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA OUTORGAR OS POSTOS NÚM. 6, 13, 54 e a PARTE NOVA DA PRAZA DE ABASTOS E LALÍN” (BC012016)**, e declarar deserto o **POSTO NÚM. 54**, por non ter presentado o único licitador interesado no mesmo, a documentación requirida.

10.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

10.1.- Acordouse **aprobar as Bases para a selección de persoal laboral temporal:** Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.

11.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

11.1.- Acordouse **aprobar e ratificar a sinatura do Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a programación e execución das actuacións de mellora dos centros públicos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Especial**, que consta de sete cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel se recollen.

11.2.- Acordouse adherir ao Concello de Lalín ao Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2005-2020, co que se persegue poñer a disposición de dito programa as vivendas desocupadas para poder destinalas a aquelas unidades familiares ou de convivencia con maior dificultade de acceso á vivenda, asumindo os compromisos e obrigas que para o Concello se derivan do mesmo; **así mesmo acordouse facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Acordo de Adhesión ao convenio segundo anexo do mesmo e elaborar a proposta do procedemento para a incorporación das vivendas así como a proposta de procedemento de selección de arrendatarios e de adxudicación de vivendas**, segundo o disposto nos apartados 1 e 2 da Cláusula Cuarta do Convenio, e comunicar as ditas propostas ao IGVS no prazo máximo de dous (2) meses.

12.- FACTURAS E CONTAS.

12.1.- Acordouse aprobar a relación de factura nº 00057 e declarar o abono das mesmas por un importe de 133.884,43 €.

13.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

13.1.- Acordouse acollerse á ORDE do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016, para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG nº 71 de 14/04/2016), e solicitar a cesión dun remolque para atención ás emerxencias (Liña 2) con destino a Protección Civil.

13.2.- Acordouse acollerse á ORDE do 1 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, e solicitar unha subvención para a dotación de novidades editoriais, libros por importe de 2.500 euros, para a Biblioteca Municipal.

13.3.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de máximo de 2.904,00 €/anuais (IVE incluído) con destino á contratación dos servizos de guindastre para a retirada de vehículos mal estacionados en situacións de urxencia (vados, vehículos que obstaculicen gravemente a circulación, etc), con suxeición ao réxime dos contratos menores, e contratar con **GRÚAS SILLEDA, S.L.**, a realización do citado servizo, con arranxo ao orzamento remitido pola citada empresa, por un importe máximo de 2.904,00 €/anuais (IVE incluído).

13.4.- Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 63 do día 30 de marzo, polo que regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado é de **487.966,61 €**; do mesmo xeito acordouse adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, sendo prestados nas mesmas condicións que o ano anterior, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 298.695,46 €, que supón unha porcentaxe do 37,97 % sobre o orzamento total do proxecto.

13.5.- Acordouse aprobar a BAIXA no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa usuaria, e a **ALTA no Servizo de axuda no fogar** no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a dúas persoas beneficiarias; así mesmo acordouse a **Redución voluntaria do número de horas/mes** no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a unha persoa beneficiaria.

13.6.- Acordouse desestimar a reclamación presentada por un usuario, de aplicación do abono de discapacitados no Complexo Deportivo do Lalín Arena, ao non acreditar documentalmente un grao de minusvalía superior ó 33 %, requisito que o Concello de Lalín estableceu para ter acceso a este abono.

13.7.- Acordouse aprobar un total de 47 liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, por importe total: 887,71 €; e recoñecer dereitos polo importe de 887,71 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente. Do mesmo xeito, acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na

modalidade de Libre Concorrenza, prestado durante o mes de abril do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **4.753,88 €**.

13.8.- Acordouse aprobar un número total de 66 liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de abril de 2016, por importe total de 6.084,26 €, e recoñecer dereitos polo importe de 6.084,26 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente. Así mesmo, acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de abril do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.201,53 €.

13.9.- Acordouse recoñecer extraxudicialmente a relación de facturas nº 00058 por un importe total de 796,72 €.

13.10.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 09/2016 con carácter provisional ata o 18/03/2018.

13.11.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 2/2014, con carácter provisional ata o 18/04/2017.

14.- CORRECCIÓN DE ERROS.

14.1.- Acordouse corrixir o erro padecido no no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración do “SERVIZO DE MANTENIMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE042016) aprobado na sesión celebrada o día 14 de marzo de 2016, no punto 8.3.

15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

15.1.- Acordouse aceptar a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra, por importe de 35.924,69 euros, con destino ó financiamento do investimento “EQUIPAMENTO PARA A NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL”.

15.2.- Acordouse aceptar a subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral de Administración Local, por importe de 21.603,45 €, ao Concello de Lalín para

o proxecto denominado “AMPLIACIÓN ÁREA CONTORNO PISCINA MUNICIPAL”.

15.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para realizar unha práctica na Avda da Estación, na rúa bispo Frai José, e na rúa Padre Oro, do curso de Aplicador Manipulador de Produtos Fitosanitarios Nivel Básico, durante os sábados do mes de maio e o primeiro sábado do mes de xuño de 2016.

15.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para uso/ocupación de vía pública na zona de aparcamentos na Avda Xosé Cuíña, no seu marxe dereito en dirección Ourense, xunto ó Lalín-Arena, para a ubicación dunha unidade móbil de diagnosis na campaña “Cuidamos Tu Auto” os días 10 e 11 de maio de 2016, en horario de 9:00 horas a 19:00 horas.

15.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo 30 xóvenes cos seus monitores o día 15 de xullo de 2016, chegando a Lalín sobre as dúas da tarde e saíndo o día seguinte 16 de xullo de 2016.

15.6.- Deuse conta da **solicitude presentada por un traballador municipal** no que comunica que lle foi adxudicado con carácter definitivo o posto de Tesourería do Concello de Lalín, por Resolución de 29 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas e no que solicita a consolidación do nivel 30 como grao persoal, o recoñecemento do seu 4º trienio con efectos administrativos de 27/12/2015 e económicos de 01/01/2016 e o disfrute de vacacións e asuntos propios para o ano 2016 aos efectos económicos e administrativos pertinentes.

15.7.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a celebración da KDD Motera Lalín “*Rodando contra el Cáncer*”, na Praza do Concello, o día 21 de maio de 2016, ás 18:00 horas.

15.8.- Acordouse **informar favorablemente** a celebración da proba “*Lalín Bike Race 2016*”, proba puntuable para o Open de Galicia de Btt Maratón, competición organizada pola Federación Galega de Ciclismo, que se celebrará en Lalín o día 24 de xullo de 2016.

15.9.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a instalación dunha unidade móbil na rúa Carballeira da Botica (o lado do Hiper Gadis), solicitando un espazo de 12 metros por 7 de ancho para o día 17 de xuño de 2016, con motivo da campaña de Street Marketing Tráiler Saludable.
